

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de outubro de 2008

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e catro de outubro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1620).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria do 15 de setembro, extraordinarias e urxentes (dúas) do 16 de setembro e ordinarias do 22 e 29 de outubro de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sr. alcalde-presidente.

2(1621).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A COLABORACIÓN NA ORGANIZACIÓN DA CABALGATA DE REIS 2009 E DO XXVIII CONCURSO DE RONDALLAS. EXPTE. 2860/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 14.10.08, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a prórroga do convenio, que se achega ó expediente, para a colaboración e produción integral do XXVIII Concurso de Rondallas e colaboración na produción da Cabalgata de Reis 2009, coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G--36.791.291, e Federación de Peñas Recreativas El Olivo, CI- G-36.704.666.

2º.- Aprobar as bases técnicas de participación no XXVIII Concurso de Rondallas e o programa da Cabalgata de Reis 2009.

3º.- Facultar ó Concelleiro da Area de Cultura e Animación Sociocultural para asinar a prórroga do convenio.

4º.- Autorizar e comprometer a favor da Federación de Peñas El Olivo, CIF. G-36704666, o gasto de 35.000 euros para a produción integral do XXVIII Concurso de Rondallas con cargo á retención de crédito 200800017783 (da partida presupostaria 4512.226.0801 do presente exercicio económico)

5º.- Autorizar e comprometer, a favor da Federación de Peñas El Olivo CIF. G-36.704.666, o gasto de 16.758 euros para a colaboración na organización da Cabalgata de Reis 2009, supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 4512.226.0800 do programa orzamentario de Animación Sociocultural correspondente ó exercicio 2009.

6º.- Que os devanditos pagamentos se realicen pola conta habilitada de Animación Sociocultural (2080.0000.77.0040277241).

1.- BASES DO XXVIII CONCURSO DE RONDALLAS:

Primeira.- A Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo participa na organización do XXVIII Concurso de Rondallas que terá lugar o día 28 de decembro de 2008, ás 18:00 h, no Instituto Municipal dos Deportes das Travesas.

Segunda.- Neste concurso poderán participar todas aquelas agrupacións que teñan un mínimo de 40 compoñentes e un máximo de 120.

O número máximo de agrupacións participantes límitase a 12 (doce). Como único criterio de selección establécese a orde de inscrición no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Das solicitudes presentadas daráselle traslado a comisión Colaboradora.

Aquelas inscricións realizadas antes ou despois do prazo estipulado nestas bases non serán admitidas calquera que sexa a causa.

Terceira.- As inscricións para este concurso deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, no impreso normalizado que se achega ás bases, dende o 1 ao 13 de decembro de 2008, ambos inclusive. Así mesmo, deberase acompañar á inscrición, unha certificación bancaria e fotocopia compulsada do CIF ou NIF segundo proceda.

As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local nos días previos ó comezo do prazo e estarán a disposición dos/as interesados/as no citado rexistro e na web municipal.

Cuarta.- Os premios do concurso serán os seguintes:

<i>PRIMEIRO CLASIFICADO:</i>	<i>2.500 euros.</i>
<i>SEGUNDO CLASIFICADO:</i>	<i>2.200 euros.</i>
<i>TERCEIRO CLASIFICADO:</i>	<i>1.600 euros.</i>

O resto das agrupacións participantes percibirán 1.000 euros cada unha. Establécese un premio único de 500 euros, ó conxunto de abandeirados.

Todos os premios estarán suxeitos á normativa fiscal que proceda aplicar.

Quinta.- As agrupacións participantes realizarán, previo ó inicio do concurso e na mesma orde de actuación, un pasacalles de trinta minutos polas seguintes rúas da cidade: avenida de Castrelos, avenida de Fragoso, avenida da Florida, avenida Castelao, A Coruña, López Mora, Camelias, Gran Vía, ata converxérense finalmente as seis primeiras na praza de América ás 17:30 horas e 18:30 horas as restantes, manténdose neste último lugar á espera da entrada ó concurso.

No caso de suspensión dos pasacalles por choiva, concentraranse na mesma orde e horario nas instalacións da “Pista Vermella” do IMD.

Sexta.- A orde de actuación no IMD das doce rondallas inscritas decidírase mediante un sorteo que se realizará na Casa do Concello, o día 17 de decembro ás 12:00 horas. Recoméndase que a este sorteo acuda un/unha representante de cada rondalla inscrita. Neste mesmo acto entregaranse as demais normas de participación e organización do evento.

Sétima.- O xurado do concurso cualificará entre 0 e 16 puntos cada unha das agrupacións, valorando os seguintes elementos:

a) Criterios relacionados coa cultura tradicional e popular galega (valoración máxima 10 puntos):

- Instrumentación musical tradicional: máximo 4 puntos*
- Repertorio musical: máximo 4 puntos*
- Vestimenta de toda a rondalla: máximo 2 puntos*

b) Outros criterios (valoración máxima 6 puntos):

- Evolución e coreografía en pista: máximo 2 puntos*
- Instrumentación musical xeral: máximo 1 punto*
- Número de compoñentes: de 40 a 60 – 1 punto; de 60 a 80 – 2 puntos; de 80 a 120 – 3 puntos.*

Oitava.- Cada agrupación disporá dun máximo de 10 minutos para realizar as interpretacións que estime oportunas.

O tempo dispoñible computarase dende o momento de entrada na pista do primeiro membro da agrupación, ata o momento da saída do derradeiro compoñente.

Novena.- Estabelécense as seguintes penalizacións por exceso de tempo:

10 puntos.- polo primeiro minuto ou fracción

20 puntos.- polo segundo minuto ou fracción

30 puntos.- polo terceiro minuto ou fracción

Descualifícarase inmediatamente a unha agrupación nos seguintes casos:

- ✓ cando o exceso de tempo supere os tres minutos;*
- ✓ cando figuren na pista menos de 40 compoñentes;*
- ✓ cando entre os seus compoñentes ou concursantes, figuren “majorettes”.*

Décima.- Os himnos oficiais dos estados e das comunidades autónomas non poderán ser incluídos nos repertorios que executarán as rondallas participantes.

Décimo primeira.- A rondalla clasificada no primeiro lugar do concurso terá que actuar o día 5 de xaneiro na “Cabalgata de Reis 2009”, que organiza o Concello de Vigo á hora e lugar que lle indique a organización da mesma.

Décimo segunda.- O xurado do concurso estará composto polos seguintes membros:

- Presidente:** O concelleiro de Animación Sociocultural do Concello de Vigo ou persoa en quen delegue.
- Vocais:** Tres persoas relacionadas coa música, danza, etnografía, folclore ou cultura tradicionais galegos.
Un representante da Comisión Colaboradora
- Secretario:** Un funcionario do Concello de Vigo, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso que se achegan no anexo a este convenio.

O presidente do xurado dispón tamén de voto de calidade para resolver os posibles empates.

Décimo terceira.- O concelleiro de Animación Sociocultural mailo xurado do concurso quedan facultados para resolver as posibles eventualidades e dúbidas que puidesen xurdir, non previstas nestas bases.

Décimo cuarta.- A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha destas bases. A decisión do xurado será inapelábel.

XXVIII CONCURSO DE RONDALLAS

Solicitud de inscrición

A.- Datos da persoa solicitante ou representante da entidade:

1º APELLIDO	2º APELLIDO	NOME		
ENDEREZO: RÚA, PRAZA...		NÚM	PISO	LETRA
LOCALIDADE	CÓD. POSTAL	NIF		
TELÉFONO	FAX			

B.- Datos da entidade para a que se solicita a inscrición:

DENOMINACIÓN				
ENDEREZO: RÚA, PRAZA...		NÚM	PISO	LETRA
LOCALIDADE	CÓD. POSTAL	NIF OU CIF		
TELÉFONO	FAX			

DATOS BANCARIOS

Entidade:	Oficina:	Núm conta:
-----------	----------	------------

(Imprescindible achegar certificación bancaria e fotocopia do CIF ou NIF)

NÚMERO TOTAL DE PARTICIPANTES QUE A INTEGRAN :

Vigo, de decembro de 2008.

O/A SOLICITANTE

SELO DA ENTIDADE

2.- PROGRAMA DA CABALGATA DE REIS 2009:

1.- Festa de benvida os Reis Magos::

Día 5 de xaneiro.

Lugar: Praza do Rei

Hora: de 11:00 a 13:00.

Actividades de recepción dos Reis ós nenos.

Actividades de animación sociocultural.

Remate cunha chocolatada.

2.- Visita dos Reis Magos a Hospitais (Povisa, Hospital Xeral-Cíes, Nicolás Peña, á Casa de acollida e á residencia Ancianos desamparados-Alcabre).

3.- Cabalgata de Reis:

Temática: O bicentenario da Reconquista.

Acto de recepción das autoridades ós Reis Magos:

Lugar: palco situado na escalinata de subida ao monte do Castro.

Acto de entrega da chave da cidade.

Estrutura base da comitiva:

- Cinco grupos de animación cubrindo o percorrido, e actuacións previas ao pase da comitiva, e incorporación posterior a esta.
- Dous bloques de carrozas comerciais diante e detrás dos tronos Reais.
- Outros bloques de acompañamento: Escola municipal de danza, rondallas, grupos de animación.
- Bloque central na comitiva da carroza do Paxe Real e tres tronos Reais.
- Grupos de percusión tribais anunciando a chegada dos tronos reais: cornetas, tambores, etc.
- Grupos de figurantes de acompañamento e séquito dos Reis: ubicados diante e os lados de cada carroza Real: paxes, abandeirados, estandartes, fachos, etc.
- Carrozas de iluminación dos tronos Reais.
- Megafonía en todo o percorrido.
- Intérprete de signos na recepción oficial.
- Reserva de espazo para persoas con mobilidade reducida.
- Valado de seguridade durante o percorrido.
- Cinco puntos de reparto de globos.
- Dúas zoas de encontro de nenos.

1.Horario:

15:00 horas: Comezo do despregue do persoal auxiliar de organización ó longo do percorrido e da concentración da comitiva real.

18:30 horas: Saída da Comitiva Real desde a rúa Venezuela.

20:30 horas: Remate e despedida da cabalgata.

Montaxe da comitiva e percorrido:

- Montaxe da comitiva: Na rúa Venezuela, entre as rúas Panamá e Marqués de Alcedo.
- Percorrido: Rúa Camelias, rúa Álvaro Cunqueiro e rúa Camelias
- Remate: Praza de América.
- Desmontaxe: Gran Vía.

3(1622).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 1875/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do traballadora social Responsable do Programa, do 21.10.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D. Leopoldo Martínez Rodríguez. Expte. 1875/14.

4(1623).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES FORESTAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4052/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico de dita Área e polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-los pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados polo Servizo de Montes parques e xardíns e a Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto o “servizo de conservación e reposición de parques forestais do Concello de Vigo” por dous anos prorrogables por outros dous de forma expresa, cun presuposto máximo de 647.386,00 € o que supón un prezo sen IVE de 558.091,37 € sendo o IVE a soportar pola Administración de 89.294,63 €

2º.- Autoriza-lo gasto para a contratación do servizo durante o presente exercicio con cargo á partida presupostaria 4326.210.0001

3º.- Abri-lo procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e nos pregos de condicións .

5(1624).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA OFICINA DE PERSOAL DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 12444/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 10.10.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 13.09.08, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto acondicionamento da oficina de Persoal no primeiro piso da Casa do Concello, redactado por D. Alvaro Crespo Casal.

2º.- Aproba-lo gasto de 149.948,04 euros para a execución das obras de acondicionamento da oficina de Persoal no primeiro piso da Casa do Concello, que se imputarán á partida 121.0.632.00.00 do presuposto do ano 2008.

3º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado sen publicidade para a execución das obras de acondicionamento da oficina de Persoal no primeiro piso da Casa do Concello, así como a súa Folla de Especificacións do Contrato de data 03-07-2008.

4º.- Negociar a execución do contrato con alomenos tres empresarios con capacidade e solvencia económica e técnica para executa-lo contrato.

6(1625).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA:

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de Intervención Xeral, do 16.10.08, e de acordo cos informes-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 20.10.08, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L. a fianza por importe de 12.250 € constituída para responder da produción de festas de verán 2008, xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu á contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2468/241.

B) Devolver a CALFENSA PROXECTOS S.L. as fianzas de 3.467,83 e 1.188,48 € constituída para responder da subministración de xardineiras colgantes xa que foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2426/241.

7(1626).- SEGUNDA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE FACHADAS E CUBERTAS DE EDIFICIOS E LOCAIS COMERCIAIS NO PEPRI BOUZAS: SAN MIGUEL 1. EXPTE. 4451/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefe de Patrimonio Histórico, do 7.10.08, conformado pola concelleira de dita Área e polo Interventor Xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17/03/2008 adoptou, entre outros, o acordo de aprobar a convocatoria específica para o desenvolvemento das axudas á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na área de rehabilitación PEPRI Barrio Histórico de Bouzas, cun gasto de 150.000 euros. O procedemento para súa concesión, segundo a Base 16 das da convocatoria, realizarase en dúas resolucións anuais, conforme a lexislación vixente, sendo o obxecto desta proposta pertencente á segunda delas.

Tamén conforme á Base 13 das da convocatoria, a Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo encargouse da tramitación das solicitudes e dos aspectos administrativos e técnicos necesarios para a consecución das obras, prestando o asesoramento aos solicitantes.

Do importe total da convocatoria (150.000 euros) corresponden á Segunda resolución 65.000 euros. Unha vez examinadas, completada a documentación polos solicitantes e avaliadas tecnicamente cada unha das actuacións, a Oficina de rehabilitación, consonte ao recollido no apartado 5. da Base 16 das da convocatoria, fixo unha proposta de concesión ou denegación das axudas ao Servizo de Patrimonio Histórico, propostas que se incorporan a cada un dos expedientes dos solicitantes. Na data do 02/10/2008, se procede por este Servizo ao envío á Xunta de Goberno Local as propostas de concesión de subvención correspondentes á Segunda resolución, previamente informadas pola Intervención municipal. No apartado 2º da proposta, se recolle, en base ao acordo da Comisión de avaliación das solicitudes, que a concesión da axuda á Comunidade de propietarios de San Miguel 1 figure como suplente de producírense algunhas baixas tanto na primeira como na segunda resolución, o que ocorreu no caso da actuación seleccionada en Casiano Martínez 14, por figurar un dos propietarios con débedas pendentes, e tal e como se recolle na proposta feita á Xunta de Goberno Local e pendente de aprobación á data de hoxe.

Así pois, tendo en conta as Bases da convocatoria, os informes técnicos da Oficina de rehabilitación e a lexislación de aplicación, e o informe da Intervención municipal do 26/09/2008, do que se inclúe no expediente de referencia unha copia, este Servizo fai á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Conceder, conforme á convocatoria específica para o desenvolvemento das axudas á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na área de rehabilitación PEPRI Barrio Histórico de Bouzas, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 17/03/2008, as seguinte axuda correspondente á II Resolución da convocatoria:

Nº expediente	Solicitante NIF	Enderezo actuación subvencionada	Importe axuda (euros)
4451-307	Comunidade de propietarios H36939031	San Miguel 1	16.000

2º.- Notificar en tempo e forma este acordo aos interesados e dar conta do mesmo ao servizo municipal de Intervención e á Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo. Na notificación que se practique aos interesados ós que se lle concedeu a subvención, lembraráselles o disposto no apartado 6. da Base 18 das da convocatoria, nos seguintes termos: “O acordo de aprobación non crea dereito ningún fronte á Administración a favor do/a beneficiario/a proposto, mentres non se finalicen as obras, se xustifique o gasto e se informe favorablemente a actuación levada a cabo”.

3º.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia a concesión das subvencións, con indicación da súa convocatoria, o programa de subvencións ao que se acollen, a resolución á que corresponden, o crédito orzamentario, o/a beneficiario/a e a cantidade subvencionada, consonte ao recollido no apartado 5. da Base 18 das da convocatoria.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1627).- PRODUTIVIDADE DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2008 A Dª ANA Mª SOTO SOBRADO. EXPTE. 1609/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.10.08, dáse con do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.10.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes

Por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 18 de abril de 2005 encomendouse á funcionaria Dª Ana Maria Soto Sobrado -con praza de administrativa de admón. Xeral e nº de rexistro de persoal 11475, adscrita o Servizo de información- a realización das tarefas propias da xefatura de negociado de información ata a incorporación da titular do mesmo.

Con data 9 de setembro de 2008, o xefe de Atención e Participación Cidadá remite escrito á Unidade de Persoal, solicitando o aboamento das diferencias retributivas correspondentes á encomenda de funcións realizada a funcionaria Dª Ana Maria Soto Sobrado, correspondente o período comprendido entre o 1 de xullo ao 30 de setembro de 2008.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no artigo 28.Un.apartado E) da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 30 de maio de 2005 (Bop de 7 de xuño de 2005) serán aboadas con cargo o complemento de produtividade, entre outros supostos, o especial rendimento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular, sempre que a súa duración sexa superior a un mes, polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e específico entre os dous postos.

As retribucións aprobadas para os postos de xefa de negociado de información e administrativo de administración xeral son:

	Xefe negociado	Administrativo	Dif mensual
CE	657,09	492,11	164,98
CD	452,40	406,18	46,22
			211,2

De conformidade coas instrucións de plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións, agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.

Neste caso, e non tendo o carácter periódico, a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados, descontándose polo tanto as baixas laborais e vacacións.

Consultados os datos obrantes na Unidade de persoal, a funcionaria disfrutou de 26 días de vacacións entre o 3 de xullo ao 8 de agosto de 2008.

Deste xeito, o importe da produtividade solicitada ascendería a cantidade de 452,69€.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de

Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a seguinte PROPOSTA:

“Recoñecer á administrativa de admón.Xeral, D^a Ana Maria Soto Sobrado,un complemento de produtividade por importe de 452,69 € euros, importe calculado en función das diferencias retributivas existentes entre as asignadas ao posto de xefa de negociado de información e as establecidas para o posto de administrativo de admón. xeral, en relación ao período comprendido entre 1 de xullo ao 30 de setembro de 2008, acordando en consecuencia o aboamento do mesmo.”

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1628).- DAR CONTA RESOLUCIÓN SOBRE CONCESIÓN DE PERMISO RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA D^a M^a DOLORES CAPELOGONZÁLEZ. EXPTE. 18505/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 13.10.08, que di o seguinte:

Con data 9 de outubro de 2008 (doc. núm. 80124839), D^a M^a Dolores Capelo González, administrativo de administración xeral, adscrita ó Tribunal Económico-Administrativo, solicita se lle conceda un permiso para atender o coidado dun familiar de primeiro grao (mai), atendendo o previsto na Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio da función pública de Galicia, do 13 ao 17 de outubro de 2008, aportando informe médico no que se indica a necesidade de acompañante.

O art. 76.k) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, do Texto Refundido da Función Pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, acollidos/as ou familiares conviventes, e para atender o seu coidado, o persoal funcionario terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes propón ó Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a. M^a Dolores Capelo González, con nº persoal 21781, administrativo de administración xeral, adscrita ó Tribunal Económico-Administrativo, un permiso retribuído de 5 días naturais, de conformidade co previsto no art. 76.k) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, do Texto Refundido da Función Pública de Galicia, para atender ao coidado da súa mai, no período comprendido entre os días 13 e 17 de outubro de 2008”.

Con data 13.10.08 o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

10(1629).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A D^a CAROLINA VICENTE RODRÍGUEZ (TERCEIRO TRIMESTRE 2008). EXPTE. 18509/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 20.10.08, dáse conta do informe-proposta da Técnica de Recursos Humanos, do 13.10.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo Concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Mediante resolución de data 1 de xullo de 2008, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolveu encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de colaboración e apoio administrativo ao Técnico de Intervención D. Javier Muradas Blanco, á funcionaria municipal D^a Carolina Vicente Rodriguez, con nº de persoal 22.119, auxiliar de admón. xeral adscrita á Intervención Xeral.

A devandita encomenda ten carácter provisional ata a cobertura dos postos de persoal administrativo vacantes actualmente na Intervención Xeral ou ata a unha organización do traballo do servizo de xeito diferente ao actual, e realízase sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo de auxiliar de admón. Xeral contidas na Guía de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo plenariamente aprobada.

Baséase dita encomenda na petición de data 22 de febreiro de 2008 do Técnico de Intervención, co conforme do Interventor Xeral, de que se lle encomenden provisionalmente a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodriguez, auxiliar administrativa de admón xeral, funcións de colaboración e apoio administrativo ao citado funcionario D. Javier Muradas Blanco, responsable da xestión do Capítulo I do orzamento, xa que éste, ata o mes de marzo de 2005, contaba co apoio administrativo de persoal auxiliar. Asimesmo, ata o mes de setembro do 2007 -data na que foi trasladado a outro servizo- outro dos técnicos de xestión do Concello colaboraba na tramitación dos expedientes relacionados co Capítulo I.; igualmente, faise mención á necesidade de garanti-lo correcto funcionamento da Intervención Xeral, e dado que o breve prazo de tempo do que se dispón para a tramitación dos expedientes que afectan ao Capítulo I, debido a que requiren da participación de distintos servizos municipais antes da súa inclusión na nomina do persoal municipal.

Recíbese na Unidade de Persoal informe do Técnico de Intervención co conforme do Interventor delegado de data 13 de agosto de 2008, no que se solicita se inicie por parte desta Unidade expediente de recoñecemento dun complemento de produtividade a favor da funcionaria referida, con carácter anual e devengable trimestralmente polos cometidos extraordinarios que ven desempeñando e que se reflexan no informe, por un importe de 2.800,00€/ano.

De conformidade co disposto no artigo 28.Un.e) da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008 (en canto ao complemento de produtividade) en relación coa Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, e no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo e deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

No eventual caso de que a Xunta de Goberno procedera a asignación do complemento de produtividade proposto e de conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións, agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias. A Intervención Xeral deberá remitir a Unidade de Persoal, de xeito trimestral, informe acreditativo as circunstancias que dan lugar a percepción do complemento de produtividade.

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado II a) 15 do Decreto da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, tendo en conta o expresado no informe que precede e sempre en tanto en canto exista a debida cobertura orzamentaria suficiente para facer fronte ao custo do programa no vixente orzamento, para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación a asignación dun complemento de produtividade a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez, e previa a emisión do preceptivo informe de fiscalización e consignación de créditos na partida 121.0.1500000 –Productividade-, sométese ao criterio do órgano resolutor a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Recoñecer a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez, auxiliar administrativa adscrita a Intervención Xeral e nº de persoal 22119, un complemento de produtividade anual por importe de 2,800.00 € a devengar trimestralmente polos cometidos extraordinarios que ven desempeñando segundo Resolución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal, de data 1 de xullo de 2008, previo informe acreditativo do servizo.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1630).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A D. JAVIER PINAL FALQUE (1º SEMESTRE 2008). EXPTE. 18381/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 20.10.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 30.07.08, conformado pola Xefa da Unidade de Persoal e polo Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 25 de maio de 2007, acordou recoñecer e aboar ao administrativo de Admón. Xeral adscrito ao Organismo Autónomo IMD D. Javier Pinal Falque, con nº de persoal 77226, a cantidade de 4.968.95 € anuais en concepto de produtividade, a devengar semestralmente previo informe do Director Técnico do IMD, conformado polo Presidente do mesmo, acreditativo da especial dedicación do funcionario no período correspondente, ata que fose posible a adecuación retributiva do posto de traballo coas funcións que o mesmo voña desenvolvendo.

Con data 2 de xullo de 2008 recíbese informe do Director Técnico do IMD, co VºBº do Presidente, no que se informa que D. Javier Pinal Falque, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño, ven desempeñando con especial adicación as tarefas encomendadas, entre as que se atopan o control do orzamento do organismo autónomo IMD, ingresos e gastos de cada unha das instalacións, comprobación de

facturas, manexo e custodia de fondos, elaboración de expedientes de contratación, elaboración da nómina, ademais da súa responsabilidade na organización e funcionamento da oficina administrativa do IMD.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o devandito empregado disfrutou dun mes de vacacións no período mencionado e segundo o acordo da Xunta de Goberno Local anteriormente citado, corresponderíalle o aboamento da cantidade de 2070,40 €, correspondentes ao 1 semestre do ano 2008.

Infórmase que non se trata en ningún caso dun dereito subxectivo preexistente do traballador, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resoluto que no seu momento resolveu favorablemente o seu outorgamento, non podendo inferirse un devengo automático da produtividade, xa que a asignación desta deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado a favor do cal resolveuse a dita asignación.

*De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o expresado no informe que precede e sempre en tanto en canto exista a debida cobertura orzamentaria suficiente para facer fronte ao gasto proposto, previo informe de fiscalización e consignación de créditos na partida 121.0.1500000 –Productividade-, sométese ao criterio do órgano resolutor a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

“Recoñecer ao funcionario D. Javier Pinal Falque, funcionario adscrito ao I.M.D. un complemento de produtividade por importe de 2070,40 €, en execución do acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de maio de 2007, en relación ao período comprendido entre 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 2008 e consonte ao informe de data 2 de xullo de 2008 asinado polo Director Técnico do IMD, co VºBº do Presidente acreditando a especial adicación a interese no desenvolvemento das súas funcións, acordando en consecuencia o aboamento da mesma.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1631).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO 2008. EXPTE. 18498/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 17.10.08, e de acordo co informe-proposta da Técnica de Recursos Humanos, do 10.10.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de SETEMBRO-2008, e que ascenden a un total de 634'84 € (SEISCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

13(1632).- PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2008. EXPTE. 18499/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 17.10.08, e de acordo co informe-proposta da Técnica de Recursos Humanos, do 10.10.08, e conformado pola Xefa da Unidade de Persoal e polo Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo de Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de SETEMBRO-2008, e que ascenden a un total de 945'18 € (NOVECIENTOS COARENTA E CINCO EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

14(1633).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL POR TOXICIDADE CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO 2008. EXPTE. 18500/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 17.10.08, e de acordo co informe-proposta da técnica De Recursos Humanos, do 10.10.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, ao traballador don Antonio Amoedo García que figura na relación adxunta no expediente e que supón un total de 26'61 € (VINTESEIS EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS), correspondente ao mes de Setembro de 2008 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

15(1634).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2008. EXPTE. 18501/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 17.10.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.10.08, conformado pola Xefa da Unidade de Persoal e polo Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Rogelio Rocha Alvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de SETEMBRO-2008 e que ascenden a un total 597,25 € (CINCOCENTAS NOVENTA E SETE EUROS CON VINTECINCO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

16(1635).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2008. EXPTE. 18506/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 17.10.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.10.08, conformado pola Xefa da Unidade de Persoal e polo Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local, acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 121.154.75 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00- GRATIFICACIÓNS ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVIZO	MES	RELACIÓN	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Cemiterios	Setembro	De Jesús Alfonso Sanmartín a Delmiro Vilanova Acuña	1.880,53	0,00	1.880,53
Museo	Setembro	De José M. Ogando López a Andrés González Bello	318,35	0,00	318,35
1ª Tenencia Alcaldía	Setembro	De Juan Pablo Alonso Rodríguez	381,21	177,55	558,76
I.M.D.	Agosto	De Francisco Rial Estévez	142,47	0,00	142,47
Bombeiros	Xuño a Setembro	De Carlos Abalde Fernández a José Villaverde Beleiro	17.339,16	0,00	17.468,85
Bombeiros	Setembro	De Carlos Abalde Fernández a José Villaverde Beleiro	20.019,42	17.386,65	37.406,07
Montes, Parques e Xardíns	Setembro	De Alfonso Casas Iglesias a Don José L. Vidal Álvarez	1.285,10	715,50	2000,61
